

Pere Gimferrer, Escritor Galego Universal 2016

Redacción | [@prazapublica](#)

A [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#) celebrou na mañá deste sábado a súa Asemblea Xeral de socios/as, que acordou outorgar a Dolores Macías Pose, e a Mini e Mero os [Premios Mestres/as da Memoria 2016](#), galardóns que se entregarán na [I Gala dos Premios Mestres e Mestras da Memoria](#) a celebrar en Lugo o 19 de marzo; tamén o nome do [Escritor/a Galego/a Universal 2016](#), distinción que se recollerá Pere Gimferrer na [I Gala do Libro Galego](#) que terá lugar o 14 de maio na cidade de Santiago de Compostela. Así mesmo, acordouse que Helena Villar Janeiro sexa a próxima *“Escritora na súa Terra – Letra E”* e, por tanto, quen reciba unha homenaxe que este ano chega á súa vixésimo segunda edición; será no mes de xuño no Concello de Rianxo.

Aprobouse o programa de actividades para o ano, que inclúe como a máis próxima a celebración do vindeiro [Día de Rosalía de Castro](#). O programa aposta por continuar con actividades de traxectoria xa asentada e de alcance social como son os paseos literarios ou os obradoiros da Escola de Escritoras e Escritores; tamén a organización ou corganización de xornadas de formación dirixidas ao estudo das diferentes formas de crear literatura contemporánea desde os espazos de formación de novos formadores/educadores/mediadores da lectura. Tamén se reforza o proxecto coordinado pola Sección de Literatura Oral coa celebración dunha *Gala dos Premios Mestres e Mestras da Memoria* e a través da celebración de novas polafías e dunha nova edición, a novena, da *Xornada de literatura de tradición oral*.

Tamén se acordou a incorporación de tres novas vogalías ao Consello Directivo da AELG, as de Leticia Costas por Vigo, Ramiro Torres como responsábel de comunicación, e mais Afonso Becerra como vogal de literatura dramática. Así mesmo, Anunciouse a creación dunha Sección de literatura dramática e confirmouse a participación activa da AELG na plataforma [Seguir creando](#).